


EXPOSICIÓN

BOTELLA AO MAR



ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTISTAS VISUAIS



Roupa de trabalho
dunha voluntaria,
empregada na
limpeza de
chapapote da marea
negra de Prestige, no
coido da Fuma do
Mordomo, en Traba
de Laxe, o día 11 de
febreiro de 2003

**MÁIS
DE
TRESCENTAS
OBRAS
DOADAS
POLOS
ARTISTAS
Á
PLATAFORMA
NUNCA
MÁIS**



CATÁLOGO

Deseño

Barro Salgado Santana

(Grupo Revisión Deseño)

Fotografía

Javier Iglesias

(Máis fotografía)

Impresión

Tórculo artes gráficas

C-891-03

Encadernación

Mudejar

Papel por cortesía de

Antalis

BOTELLA AO MAR
UNHA EXPOSICIÓN
ORGANIZADA POLA
ASOCIACIÓN GALEGA
DE ARTISTAS VISUAIS
NA CASA DAS ARTES
DE VIGO
[10 ABRIL-1 MAIO]
E NO AUDITORIO
DE GALICIA DE
SANTIAGO DE
COMPOSTELA
[7-18 MAIO] EN 2003

ESTA EXPOSICIÓN
EMPREGA A MESMA
GARRAFA QUE O PINTOR
LUÍS SEOANE NA SÚA
BOTELLA AL MAR,
A EDITORA CREADA
POR EL DURANTE
O SEU EXILIO EN BOS
AIRES. É O MESMO
RECIPIENTE, OUTRA
A MENSAXE
¿OU SE CADRA
É TAMÉN A MESMA?

AO MAR

MANUEL QUINTANA MARTELO

Presidente de AGAV

Dende o primeiro momento, a Asociación Galega de Artistas Visuais, ante a catástrofe producida polo Prestige o pasado 13 de novembro, identificase coa resposta producida dende a sociedade civil ante os despropósitos da sociedade política, e movilizase formando parte da Plataforma contra a Burla Negra que representa o mundo galego da cultura e da Plataforma cidadá Nunca Mais, colaborando co seu apoio, na procura de realizar actividades reivindicativas e de denuncia coa finalidade de esixir solucións presentes e futuras e, mesmo, reclamando as responsabilidades políticas a que houber lugar.

BOTELLA AO MAR é unha mostra promovida pola nosa Asociación, na que participan máis de trescentos artistas de todo o estado e conta coa colaboración activa, dentro da mesma, de máis de trinta escritores, facendo entre todos unha declaración a prol de solucións á catástrofe provocada por un maldito barco lixo nas nosas costas, coa esperanza de que feitos coma este non se repitan nunca máis.

Esta exposición é un exemplo máis do compromiso da xente da cultura coa esperanza de que un novo futuro chegará imparabile ao noso país. Desexamos que esta mensaxe, como tantas outras, sexa memoria dun pobo que ergueu a súa voz e berrou NUNCA MÁIS.

Así mesmo, queremos agradecer a todos aqueles que se implicaron e fixeron posible a mostra BOTELLA OA MAR: a Unión de Asociacións de Artistas Visuais do Estado, colaboradora directa con AGAV, as asociacións de artistas visuais de Cataluña, Madrid, Asturias e Illas Canarias, a Plataforma Nunca Máis, os Concellos de Vigo e Santiago de Compostela, a empresa de transporte Seur, a empresa de artes gráficas Tórculo, os diseñadores Pepe Barro, Xosé Salgado e Lia Santana, o fotógrafo J. Iglesias, as empresas de enmarcado El Puente e Alfonso, así como a todas aquelas persoas que contribuíron xenerosamente co seu esforzo para facer posible esta mostra tal e como é.

MENSAXES PARA O ¡NUNCA MÁIS!

RAFA VILLAR

Escritor e voceiro de Nunca Máis en Compostela

*Fomos ficando sós
o Mar o barco e máis nós...*
(Manuel-Antonio)

Habitamos un país en tempos de decrúa, que se reescribe a si mesmo con trazo firme e aberto. No medio da catástrofe dun barco maldito e duns gobernantes non menos malditos, este pobo emerxeu na súa dignidade, se cadra como nunca antes nos máis recentes capítulos que nos reservou a Historia. O noso 13 de Novembro é un aviso para navegantes do que xa non ten retorno...

Nestes meses en que a traxedia se veu a instalar nas nosas angueiras, tamén hai xanelas que se abriron para a luz e que tinxen de esperanza os días. E vimos as rúas empapeladas de voces que esculpían o seu ¡Nunca Máis! na liña imposible do horizonte. E vimos que o mar eran tamén homes e mulleres que enleaban a vida a golpes de esperanza. E vimos que nada estaba perdido e que non hai naufraxio que non vomite o seu rescate.

Todos entendemos que era necesario, e impostergábel, armar unha amplísima rede para orientar a resposta, tecendo cada un de nós desde o seu lugar un espazo compartido.

Promovida pola Asociación Galega de Artistas Visuais (AGAV) –en colaboración coa Unión de Asociacións de Artistas Visuais do Estado, e co apoio activo da Plataforma contra a Burla Negra e da Plataforma cidadá “Nunca Máis”, da que forma parte–, a mostra “Botella ao mar” quere ser un gran de area máis, que axuntar ás ducias e ducias de iniciativas realizadas por todo o país, nesa clamorosa declaración en prol de solucións á catástrofe orixinada polo “Prestige” e contra os gobernantes que deixaron Galiza ao pairo, estupidamente sumidos na súa desidia e incompetencia.


As obras dos máis de trescentos artistas que compoñen esta mostra, xuntamente coas creacións dos escritores que tamén se implicaron nela, son outros tantos exemplos máis do compromiso das xentes da cultura

co futuro do noso país, na certeza de que un tempo novo está imparabelmente a abrollar.

Así mesmo, son de agradecer todas as implicacións que fixeron posíbel que a mostra “Botella ao mar” puidese ser este lindeiro que nos comunica... Que a mensaxe desta “Botella ao mar” impregne de futuro e esperanza terra, mar e aire, e sexa memoria dun país que dixo *Nunca Máis* mentres apuntaba a reinventarse.

Terras de Amaia, abril de 2003


**XOAN
GUERREIRO**
s/t
46 x 37
2002



**MONTERRAT
GUTIÉRREZ
VALERIO**

Nautilus
70 x 50
2003





PLATAFORMA NUNCA MÁIS
BURLA NEGRA NUNCA MÁIS

UNHA EXPOSICIÓN ORGANIZADA POLA
ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTISTAS VISUAIS

CO APOIO DE
UNIÓN DE ASOCIACIÓNS DE ARTISTAS VISUAIS
ASOCIACIÓN DE ARTISTAS VISUAIS DE CATALUÑA
ASOCIACIÓN DE ARTISTAS VISUAIS DE MADRID
ASOCIACIÓN DE ASTURIANA DE ARTISTAS VISUAIS
ASOCIACIÓN ILLAS CANARIAS DE ARTISTAS VISUAIS

COA COLABORACIÓN DE
CONCELLO DE VIGO / CASA DAS ARTES
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
AUDITORIO DE GALICIA
SEUR SERVICIO URGENTE DE TRANSPORTES
MÁIS FOTOGRAFÍA
GRUPO REVISIÓN DESEÑO
ANTALIS
TORCULO ARTES GRÁFICAS
ENCADERNACIÓN MUDEJAR